

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

*Corrección de erros.-Decreto legislativo 1/2005, do 10 de marzo, polo que se aproba o texto refundido das leis 7/1985, do 17 de xullo, e 4/1996, do 31 de maio, de caixas de aforros de Galicia.*

Advertido erros no devandito decreto, publicado no DOG nº 101, do venres, 27 de maio de 2005, cómpre facer as oportunas correccións:

-Na páxina 9.177, artigo 27º, alínea b), onde di: «b) Os que con anterioridade á cal designación ou durante o exercicio...», debe dicir: «b) Os que con anterioridade á nova designación ou durante o exercicio...».

-Na páxina 9.182, artigo 51º, alínea e) onde di: «e) ... respecto do último balance aprobado e aquel a que se lle fixo auditoría», debe dicir: «e) ... respecto do último balance aprobado e ao que se lle fixo auditoría».

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 1 de xuño de 2005 pola que se constitúen os colexios rurais agrupados de Culleredo, Dodro e Oroso da provincia da Coruña, e os colexios rurais agrupados de Meis e Ribadumia da provincia de Pontevedra.*

Examinados os expedientes sobre a constitución dos colexios rurais agrupados de Culleredo, Dodro e Oroso, tramitados pola Delegación Provincial da Coruña, e os colexios rurais agrupados de Meis e Ribadumia, tramitados pola Delegación Provincial de Pontevedra.

Visto o Decreto 374/1996, do 17 de outubro, (DOG do 21 de outubro), polo que se aproba o Regulamento das escolas de infantil e dos colexios de primaria, e a Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 2 de setembro), que desenvolve o dito decreto.

Esta consellería, en virtude do establecido no artigo 6.3º do referido Decreto 374/1996, e por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa

#### DISPÓN:

Primeiro.-Constituir os colexios rurais agrupados de Culleredo, Dodro, Oroso, Meis e Ribadumia, cos datos que figuran no anexo desta orde.

Segundo.-Integrar no colexio rural agrupado de Culleredo os colexios e escolas, que se suprimen como tales, de: EEI Alfonso D. Rodríguez Castelao (código 15005737), EEI de Vinxeira Pequena (código 15023995), EEI de Culleredo (código 15005804), CEIP de Ledoño (código 15024379), EEI de Sésamo (código 15020283).

Terceiro.-Integrar no colexio rural agrupado de Dodro os colexios e escolas, que se suprimen como tales, de: EEI de Lestrobe (código 15024653), EEI de Vigo (código 15024665), EEI San Xulián de Laiño (código 15025748), CEIP de Bexo (código 15005993), CEIP de Teaio (código 15006021).

Cuarto.-Integrar no colexio rural agrupado de Oroso os colexios e escolas, que se suprimen como tales, de: EEI Deixebre (código 15011491), CEIP da Igrexa (código 15011543), EEI de Senra (código 15011609), EEI de Esquipa (código 15011622), CEIP de Vilacide de Abaixo (código 15011579).

Quinto.-Integrar no colexio rural agrupado de Meis os colexios e escolas, que se suprimen como tales, de: EEI do Marco-Meis (código 36016292), EEI San Martiño (código 36020477), EEI de San Lourenzo (código 36013278), EEI de San Tomé (código 36013281), EEI de San Vicente (código 36017272), EEI de Paradela (código 36013291).

Sexto.-Integrar no colexio rural agrupado de Ribadumia os colexios e escolas, que se suprimen como tales, de: EEI de Leiro (código 36018124), EEI A Cruz-Lois (código 36018604), EEI de Ribadumia (código 36013928), EEI da Igrexa-Sisán (código 36018136).

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2005.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

#### ANEXO

Provincia: A Coruña.

Concello: Culleredo.

Localidade: Almeiras.

Enderezo: A Choeira.

Centro: colexio rural agrupado de Culleredo.

Código de centro: 15032480.

Zona educativa: Culleredo.

Unidades: 6 EI.

Localidade	Postos de traballo	
	EI	EP
Almeiras (A Choeira)	2	
Celas (Vinxeira Pequena)	1	
Culleredo (O Curro)	1	
Ledoño	1	
Sésamo	1	
	Educación física	1
	Inglés	1
	Audición e linguaxe	1
	Total postos.....	9

Provincia: A Coruña.  
 Concello: Dodro.  
 Localidade: Dodro.  
 Enderezo: Vigo, s/n.  
 Centro: colexio rural agrupado de Dodro.  
 Código de centro: 15032492.  
 Zona educativa: Dodro.  
 Unidades: 5 EI.

Localidade	Postos de traballo	
	EI	EP
Dodro (Lestrobe)	1	
Dodro (Vigo)	1	
Laiño (Tarrío)	1	
San Xoán de Laiño (Bexo)	1	
San Xoán de Laiño (Teaio)	1	
	Inglés	1
	Audición e linguaxe	1
	Total postos.....	7

Provincia: A Coruña.  
 Concello: Oroso.  
 Localidade: Vilarromarís.  
 Enderezo: Valverde, s/n.  
 Centro: colexio rural agrupado de Oroso.  
 Código de centro: 15032509.  
 Zona educativa: Oroso.  
 Unidades: 3 EI, 2 EP.

Localidade	Postos de traballo	
	EI	EP
Deixebre	1	
Oroso (A Igrexa)		1
Senra	1	
Transmonte (A Esquipa)	1	
Oroso (Vilacide de Abaixo)		1
	Inglés	1
	Audición e linguaxe	1
	Total postos.....	7

Provincia: Pontevedra.  
 Concello: Meis.  
 Localidade: San Lourenzo de Nogueira.  
 Enderezo: Rialdonio, 1.  
 Centro: colexio rural agrupado de Meis.  
 Código de centro: 36024604.  
 Zona educativa: Meis.  
 Unidades: 6 EI.

Localidade	Postos de traballo	
	EI	EP
Meis (O Marco)	1	
San Martiño de Meis (Os Cruceiros)	1	
San Lourenzo de Nogueira (Rialdonio)	1	
San Tomé de Nogueira (O Mosteiro)	1	
Nogueira (Zacande)	1	
Paradela (Vilanoviña)	1	
	Música	1
	Inglés	1
	Audición e linguaxe	1
	Total postos.....	9

Provincia: Pontevedra.  
 Concello: Ribadumia.  
 Localidade: Leiro.  
 Enderezo: A Costa, s/n.  
 Centro: colexio rural agrupado de Ribadumia.  
 Código de centro: 36024616.  
 Zona educativa: Ribadumia.  
 Unidades: 5 EI.

Localidade	Postos de traballo	
	EI	EP
Leiro	1	
Lois (A Cruz)	1	
Ribadumia	2	
Sisán (A Igrexa)	1	
	Inglés	1
	Audición e linguaxe	1
	Total postos.....	7

*Orde do 2 de xuño de 2005 pola que se resolve o concurso público convocado na Orde do 17 de febreiro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 24 de febreiro), para a adxudicación de dúas bolsas para realizar estudos relacionados coa Unión Europea no Colexio de Europa (Bruxes e Natolín) durante o curso académico 2005-2006.*

Por Orde do 17 de febreiro de 2005 (DOG do 24 de febreiro) convocáronse dúas bolsas para realizar estudos de especialización en temas relacionados coa Unión Europea e o proceso de integración europeo, unha para o Colexio de Europa con sede en Bruxes (Bélxica) e outra para Natolín (Polonia).

Na súa virtude, de acordo coa proposta elaborada pola Comisión de Selección e unha vez que o Colexio de Europa confirmou a admisión dun dos candidatos propostos,

**DISPOÑO:**

**Artigo 1º**

Concederlle a Juan Salvador Pastoriza Vázquez unha bolsa para realizar estudos de especialización en temas relacionados coa Unión Europea e o proceso de integración europeo, no Colexio de Europa con sede en Bruxes (Bélxica).

**Artigo 2º**

Nomear candidato suplente a Javier Fernández González, para o Colexio de Europa con sede en Bruxes (Bélxica).

**Artigo 3º**

Deixar deserta, por non haber candidatos, unha bolsa para realizar estudos de especialización en temas relacionados coa Unión Europea e o proceso de integración europeo, no Colexio de Europa con sede en Natolín (Polonia).

**Artigo 4º**

Denegarlles a axuda aos solicitantes que se relacionan a continuación polas causas que se sinalan:

a) Por non axustarse ás bases da convocatoria (artigo 3º, alínea c):

- García Rodríguez, Guzmán.
- Iglesias Rodríguez, María Rosa.
- Díaz Rodríguez, Marta.
- Fernández Soutullo, Diana.

b) Por non achegar a documentación requirida:

- Longueira Leira, Tamara María.

**Artigo 5º**

O importe da bolsa concedida ascende a un total de 19.000 euros, destinados a:

a) 16.000 euros, ao pagamento das taxas e estadia que será efectuada en nome do bolseiro pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria directamente no Colexio de Europa en Bruxes, unha vez que este comunique o seu importe.